

Tarefa 5.1. Engade un foro no tema 1 do curso



Tarefa 5.1. Engade un foro no tema 1 do curso

Obxectivos da tarefa

1. Familiarizarse cos diversos tipos de actividades que ofrece Moodle.
2. Practicar a creación de foros.

Como realizar esta tarefa

1. Accede ao espazo de prácticas, facendo clic no enlace "**Aula virtual de prácticas**" que aparece no bloque da esquina superior dereita deste curso.
2. Identifícate co usuario e contrasinal que che foi asignado para o teu usuario "**profesor**".
3. Pulsa (fai clic) sobre o nome do teu curso, o que creaches e configúraches nas tarefas anteriores
4. Activa o **modo edición**.
5. No **tema 1** do teu curso, pulsa no enlace "**Engadir unha actividade ou un recurso**" e engade unha "**Foro**" coas seguintes características:
 - **Ubicación do foro** = o foro debe ir colocado debaixo (inmediatamente despois) da etiqueta "Actividades".
 - No apartado "**Xeral**" introduce como **Nome do foro** = "**Foro de dúbidas e consultas**".
 - No apartado "**Xeral**" introduce no campo **Descrición** = "un pequeno texto onde expliques para que serve este foro ou cal é a súa utilidade dentro do curso".
 - No apartado "**Xeral**" selecciona "**Tipo de foro = Foro estándar para uso xeral**".
 - No apartado "**Suscripción e seguimento**" debes seleccionar a opción "**Modo de suscripción = Suscripción forzada**".
 - No apartado "**Configuración común do módulo**" selecciona a opción "**Modo de grupo = Sen grupos**".
6. Despois de crear este foro, como mínimo 1 alumno debe realizar unha pregunta no foro e o profesor responderá a esta consulta. É dicir, debes entrar no curso identificándote cos datos de un alumno e realizar unha consulta no foro, a continuación entrarás no curso identificándote cos datos do profesor e responderás á pregunta.

Como enviar esta tarefa despois de realizada

Unha vez realizada a tarefa, debes enviala para corrixir seguindo estes pasos:

1. Entra na aula virtual de prácticas, identificándote co teu usuario "profesor" e entra no teu curso.
2. Entra no foro que creaches, de maneira que vexas as preguntas formuladas.
3. Copia a **dirección URL do foro** que aparece na barra de direccións do teu navegador de internet.
4. Pulsa o botón "**Engadir entrega**" que aparece na parte inferior desta tarefa.
5. Pega a **dirección URL** que copiaches anteriormente no recadro de texto que aparece aquí, en "engadir entrega".
6. Finalmente pulsa o botón "**Gardar os cambios**".